

-GLOSARIO-



TIPOS DE INSTRUMENTOS:

Aerófono: Un aerófono é un instrumento musical que produce o son pola vibración dunha columna de aire.

Cordófono: Un cordófono é un instrumento musical que produce o son pola vibración dunha corda ao ser fretada cun arco, punteada coas xemas dos dedos ou cunha púa ou golpeada cun mecanismo de martelos.

Electrófono: Un electrófono é un instrumento musical que produce ou amplifica o son mediante o emprego da enerxía eléctrica.

Idiófono: Un idiófono é un instrumento musical que produce o son pola vibración do seu corpo sen necesidade de cordas, membranas ou columnas de aire.

Membranófono: Un membranófono é un instrumento musical que produce o son pola vibración dunha membrana ao ser golpeado, soprado ou fretado.

INSTRUMENTOS MUSICAIS:

Acordeón: Aerófono de sopro mecánico. Podes atopar máis información na ODE de América do Norte.

Agogó: Idiófono golpeado empregado en América do Sur. Podes atopar máis información na ODE de América do Sur.

Axóuxere: Idiófono sacudico. Podes atopar máis información na ODE de Asia.

Axóuxere xavanés: Membranófono. Podes atopar máis información na ODE de Asia.

Apito de samba: Aerófono de sopro directo empregado en América do Sur. Podes atopar máis información na ODE de América do Sur.

Birimbao: Idiófono punteado tradicional galego. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Bodhran: Membranófono tradicional irlandés. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Bongos: Membranófono empregado en América do Sur. Podes atopar máis información na ODE de América do Sur.

Cabasa: Idiófono fretado empregado en África. Podes atopar máis información na ODE de África.

Carraca: Idiófono rascado. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Castañolas: Idiófono entrechocado empregado nalgúñas zonas de España. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Charrasco: Idiófono golpeado tradicional galego. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Chocallos: Idiófono. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Claves: Idiófono entrechocado empregado en América do Sur. Podes atopar máis información na ODE de América do Sur.

Crótalos: Idiófonos entrechocados empregados nalgúñas rexións asiáticas. Podes atopar máis información na ODE de Asia.

Cunca tibetana: Idiófono golpeado ou fretado empregado en meditación. Podes atopar máis información na ODE de Asia.

Cunchas: Idiófono fretado tradicional galego. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Darbuka: Membranófono empregado en Asia. Podes atopar máis información na ODE de Asia.

Didgeridoo: Aerófono de sopro directo. Podes atopar máis información na ODE de Oceanía.

Djembe: Membranófono empregado en África. Podes atopar máis información na ODE de África.

Erhu: Cordófono fretado moi empregado en China. Podes atopar máis información na ODE de Asia.

Frauta de pan: Aerófono de sopro directo empregado en América do Sur. Podes atopar máis información na ODE de América do Sur.

Frauta doce: Aerófono de sopro directo. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Frauta whistle: Aerófono de sopro directo tradicional irlandés. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Gaita: Aerófono de sopro directo. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Ganza: Idiófono sacudido empregado en América do Sur. Podes atopar máis información na ODE de América do Sur.

Güiro: Idiófono rascado empregado en América do Sur. Podes atopar máis información na ODE de América do Sur.

Guitarra eléctrica: Electrónico. Podes atopar máis información na ODE de América do Norte.

Guitarra española: Cordófono punteado típico nalgúns zonas de España. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Gong: Idiófono golpeado. Podes atopar máis información na ODE de Asia.

Harmónica: Aerófono de sopro directo. Podes atopar máis información na ODE de América do Norte.

Kalaa: Idiófono entrechocado. Podes atopar máis información na ODE de Oceanía.

Kalimba: Idiófono punteado empregado en África. Podes atopar máis información na ODE de África.

Kaxixi: Idiófono sacudido empregado en África. Podes atopar máis información na ODE de África.

Maracas: Idiófono sacudido empregado en América do Sur. Podes atopar máis información na ODE de América do Sur.

Melódica: Aerófono de sopro directo. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Mirlitón: Membranófono soprado. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Pandeira: Membranófono golpeado. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Pandeireta: Idiófono golpeado. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Pandeiro cadrado: Membranófono golpeado. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Pau de choiva: Idiófono sacudido empregado en África. Podes atopar máis información na ODE de África.

Peón: Aerófono libre empregado como brinquedo. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Pianola: Idiófono punteado. Podes atopar máis información na ODE de Europa.

Táboa de lavar: Idiófono rascado. Podes atopar máis información na ODE de América do Norte.

Tarrañolas: Idiófono entrechocado tradicional galego. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Trompeta: Aerófono de sopro directo empregado en África. Podes atopar máis información na ODE de África.

Ukelele: Cordófono punteado. Podes atopar máis información na ODE de América do Norte.

Violín: Cordófono fretado. Podes atopar máis información na ODE de América do Norte.

Zanfona: Cordófono fretado tradicional galego. Podes atopar máis información na ODE de Galicia.

Zumbadora: Aerófono libre empregado en rituais nalgúns rexións de Oceanía. Podes atopar máis información na ODE de Oceanía.

OUTROS TERMOS:

Vibrar: Cando dicimos que un corpo vibra referímonos ao movemento rápido que fai sobre a súa posición de equilibrio natural. Colle unha goma elástica, estíraa e puntéaa coa xema dos dedos. Ves o movemento que fai? Esa é a vibración.

Resoar: Cando dicimos que un corpo resoa referímonos a que se prolonga a duración do son que produce. Se golpeas un tambor, a membrana comezará a vibrar. Esa vibración fará que o tambor resoe, é dicir, que produza un son duradeiro.